

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA E ASOCIACIÓN ITINERA DE VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL**

**REUNIDOS**

Dunha parte,

Dona María Rozas Pérez, Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude, que actúa en nome e representación desta Corporación, en virtude das competencias que lle foron delegadas por Decreto da Alcaldía de data 17 de xuño de 2023, pola Excm. Sra. Alcadesa-presidenta do Excmo. Concello de Santiago de Compostela e que lle son recoñecidas a esta polos artigos 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; con CIF nº P1507900G e, domicilio social en Praza do Obradoiro, s/n, 15705 de Santiago de Compostela.

E doutra,

Dona XXXXXXXXXXXX, con DNI XXXXXXXXXXXX que intervén neste acto en calidade de representante legal da **ASOCIACIÓN ITINERA DE VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL**, con número de identificación fiscal G15983570 e domicilio social na rúa do Ceo, 10 - 1º, código postal 15704, en Santiago de Compostela, como entidade sen ánimo de lucro e rexistrada, coa denominación **ASOCIACIÓN ITINERA DE VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL**, no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co nº 2005/008577-1 (SC) e no Rexistro Municipal de Asociacións co número 399, en virtude das competencias que lle foron delegadas polos estatutos da asociación no seu artigo 12.2.a.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

## EXPOÑEN

### **Primeiro.**

O Concello de Santiago de Compostela vén desenvolvendo, consonte o artigo 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a súa competencia de obrigado exercicio respecto á avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social e, conforme ao disposto na sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo de 2016.

Mediante a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, os poderes públicos galegos garanten como dereito recoñecible e exixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da avaliación obxectiva das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social (artigo 1º.2).

Segundo o artigo 2º.3 da referida norma, os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social, sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na mesma e as normas que a desenvolvan.

### **Segundo.**

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, en dous niveis de actuación, comunitaria e especializada, e con carácter xeral correspóndelles aos concellos a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios. Estes pola súa vez, diferéncianse en dous subniveis: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos, sendo os primeiros unha exixencia universal para a Administración local galega e un elemento clave para garantir o acceso ao sistema galego de servizos sociais.

Por tal motivo o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece que os servizos sociais comunitarios garanten o carácter integrador e coordinado de toda intervención social realizada con persoas ou grupos diversos, atribuíndoselles sobre este particular a función de fomento da cooperación e solidariedade social, que facilite a participación comunitaria en tarefas colectivas, impulse o asociacionismo solidario e, en especial, a organización e coordinación do voluntariado social (artigo 9.1.e).

É prestación básica dos servizos sociais, entre outras, a animación, prevención e cooperación social, que teñen por obxecto potenciar a participación de persoas e grupos na vida comunitaria, fomentando a iniciativa social, a solidariedade, o asociacionismo e o voluntariado, así como favorecer a toma de conciencia da cidadanía sobre os seus problemas e poñer en marcha mecanismos que fagan posíbel a participación destes na busca de solucións e na xestión dos servizos e actividades que se demanden.

Mediante o programa de fomento da cooperación e da solidariedade social os servizos sociais comunitarios fomentarán a solidariedade entre os membros da comunidade local, e no desenvolvemento priorizarase o intercambio xeracional, a interculturalidade e as medidas de acción positiva para a consecución da igualdade, e prestarase especial atención á prevención da violencia de xénero (artigo 24).

### **Terceiro**

En resposta ao artigo 9.2 da Constitución, en defensa dos dereitos e promoción dos intereses sociais, o Concello de Santiago de Compostela vén promovendo ás condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan reais e efectivas, así como a remoción dos obstáculos que impiden ou dificulten a súa plenitude, facilitando a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Con este referente, que é coincidente coa propia filosofía dos servizos sociais, entendidos estes como instrumento da política social, no ánimo de acadar a xustiza e a calidade de vida dos individuos e grupos, pola vía da promoción da participación, nun trato de igualdade e non exento de consideración ás peculiaridades dos diferentes colectivos e grupos, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve, no ámbito das súas competencias, programas e actuacións co fin de garantir a calidade de vida e unha orde social máis xusta e solidaria.

**Cuarto.**

**A ASOCIACIÓN ITINERA DE VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL** configúrase como unha Asociación ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

**Quinto.**

**A ASOCIACIÓN ITINERA DE VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL** ten como fins xerais, consonte ao artigo 5.1 dos seus vixentes estatutos:

- a) Captar e vincular voluntarios da comunidade coas persoas con enfermidade mental.
- b) Contribuír a crear unha comunidade inclusiva, que diminúa as dificultades derivada da enfermidade, ofrezca oportunidades de desenvolvemento persoal e facilite a súa integración social efectiva.
- c) Sensibilizar á sociedade cara a un cambio de actitudes positivas que favorezan a integración e a normalización social das persoas con trastorno mental.
- d) Fomentar a colaboración doutras asociacións de fins análogos.
- e) Promover programas de voluntariado culturais, de ocio, deportivos, educativos, de apoio social e cantos se estimen co fin de cubrir as necesidades das persoas ás que se dirixe a acción desta asociación, particularmente evitar o illamento social e a marxinação.
- f) Actuar como punto de referencia e apoio para persoas que padecen unha enfermidade mental, familiares e amigos, así como ser un espazo para o intercambio de experiencias e mutua axuda.
- g) Actuar en defensa dos intereses e dereitos das persoas que padecen trastornos mentais severos.

Para a consecución deste fin, a Asociación orientará a súa actividade a cantas actividades se estimen convenientes para o logro dos seus fins, segundo o artigo 5.2 dos seus estatutos.

#### **Sexto.**

O Concello de Santiago de Compostela e a **ASOCIACIÓN ITINERA DE VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL**, en consonancia coa filosofía da diversidade, da igualdade social e da integración, teñen o propósito de dar estabilidade á colaboración que se vén producindo entre ambas as dúas entidades, dado que a complexidade dos problemas sociais require da implicación de distintos colectivos no camiño de conseguir a xustiza e a igualdade social.

#### **Sétimo.**

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante LGS), no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición dineraria realizada polas entidades que integran a Administración local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, á realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por realizar ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir os deberes materiais e formais establecidos.

O programa financiado obxecto do convenio, ten por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social e de promoción dunha finalidade pública.

Co obxecto de facer realidade e pór en práctica os obxectivos expostos, tendo en conta a especificidade do obxecto da colaboración, e de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente e, polo que as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración.

## Oitava.

Podendo iniciarse o procedemento de concesión tanto de oficio como a pedimento da entidade interesada, a, **ASOCIACIÓN ITINERA DE VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL**, atendendo ao requirimento municipal, presentou por rexistro o día 17/03/2023 a documentación necesaria para a subscripción do convenio.

Despois de revisar a documentación presentada e os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos que esixen a LGS, e previa autorización por Acordo do Pleno Municipal de 09/03/2023 do gasto e concesión á **ASOCIACIÓN ITINERA DE VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL**, dunha subvención nominativa para contribuír ao financiamento das súas actividades por importe 5.000 €, gasto imputable á aplicación orzamentaria 020 23100 4800002 procedese a subscribir o presente convenio de colaboración entre ambas as entidades, co fin de colaborar na consecución do fin social/xeral descrito.

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre as partes asinantes para o desenvolvemento do seguinte programa:

- **PROGRAMA "PROGRAMA ÁGORA".**

Para levar a cabo este programa o custe total aproximado, ascende a un total de **CINCO MIL SESENTA EUROS (5.010,00 €)**.

*(Ver Orzamento Desagregado onde constan os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención obxecto do convenio no ANEXO I).*

Así mesmo, a través do presente convenio a **ASOCIACIÓN ITINERA** ofrecese ao Concello de Santiago como entidade colaboradora para acoller a persoas que están a realizar traballos en beneficio da comunidade como forma de integración social.

## **SEGUNDA.- CONTIDO.**

### **DENOMINACIÓN DO PROXECTO/PROGRAMA:**

#### **PROGRAMA "PROGRAMA ÁGORA".**

### **DESCRIPCIÓN DO PROXECTO / PROGRAMA**

O Programa ÁGORA é un programa de voluntariado de carácter anual. Está dirixido a completar a formación académica e cultural de persoas con Trastornos Mentais Severos que, ben pola irrupción da enfermidade non puideron continuar os seus estudos, ben, nalgún caso, non tiveron acceso a eles e/ou que se viron apartadas da súa entorna cultural e social. O programa conta cunha ampla experiencia e realízase cunha perspectiva integral e participativa que tenta superar as tradicionais terapias ocupacionais e procura mellorar a aspectos como a formación ou a empregabilidade, poñendo o foco nas propias persoas participantes.

Por unha banda, temos un grupo de actividades cunha temática máis académica, a través da cal se imparten clases particulares dirixidas a mellorar a formación das persoas participantes (obter titulacións, por exemplo da ESO ou bacharelato, preparación de exames e oposicións...) e adquirir técnicas de estudo, clases de informática para mellorar as competencias no eido dixital (indispensable na actualidade), así como unha escola de idiomas na que adquirir competencias lingüísticas en inglés ou francés.

Por outra banda, o programa comprende o mantemento de grupos de iniciativa cultural que abarcan dende un clube de lectura, debate, ludoteca ou cinefórum. A finalidade é fomentar a participación activa destas persoas en grupos e iniciativas sociais e culturais abertos á cidadanía xeral, pero xestionados e organizados por elas a través da Asociación Itínera.

O programa desenvólvese coa colaboración de diversas entidades e institucións do ámbito académico, social, sanitario e cultural, procurando a participación activa das cidadanía nesta labor de integración social

### **OBXECTIVOS E PRIORIDADES**

1. Acompañar e planificar itinerarios persoais (obxectivos e metas acadables), revisalos e mantelos coa axuda e o soporte profesional.
2. Retomar e mellorar a formación académica en persoas que tiveron que interrompela no momento da aparición da enfermidade.
3. Mellorar o desempeño en novas tecnoloxías e uso de TICs.
4. Desenvolver actividades que favorezan o interese e achegamento das persoas usuarias aos diversos eidos culturais.
5. Traballar pola visibilización e inclusión das persoas participantes na entorna cidadán.

### **ÁMBITO TERRITORIAL**

Santiago de Compostela.

#### **Emprazamentos:**

Sede da entidade: República Arxentina, 22, 5º esq en Santiago de Compostela

Centro Sociocultura Aurelio Aguirre de Conxo

Casa das Asociacións de Cornes

Centro de A Portela (Figueiras)

### **PERSOAS DESTINATARIAS DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO**

As persoas beneficiarias das actividades son persoas afectadas cun diagnóstico de trastorno mental severo, discapacidade intelectual e trastorno do espectro autista, e o seu entorno familiar, que como consecuencia directa de dito diagnóstico, presentan discapacidade funcional, dificultades adaptativas, malestar subxectivo, illamento, marxinação e estigma social.

Participan un número aproximado de 58 persoas, con idades comprendidas entre os 18 e os 65 anos.

## **IMPACTO PREVISTO NA COMUNIDADE DESTINATARIA DO PROXECTO, EFECTO MULTIPLICADOR E SEGUIMENTO.**

A finalidade é que as persoas participantes adquiran recursos, ferramentas e habilidades en áreas como o lecer, a cultura, a formación e o emprego, importantes na vida de calquera persoa. A mellora e adquisición destas habilidades, permite que estas persoas poidan desenvolver unha vida máis autónoma e independente, diminuindo, de xeito progresivo, os apoios nalgunhas áreas. Así mesmo, as persoas participantes obteñen melloras con respecto á súa autoestima (gañando máis seguridade en sí mesmas) ou na creación de vínculos relacionais e sociais (isto débese á realización de actividades participativas).

Esta mellora percíbese tamén no entorno da persoa, por exemplo nas familias, quen, en moitos casos teñen menos situacións de sobrecarga por mor dos cuidados. A nivel de entorno social, o feito de que as persoas con trastornos mentais severos e/ou discapacidade participen dun xeito activo en actividades comunitarias normalizadas, axuda a rachar co estigma que sofre este colectivo

A realización de eventos culturais dirixidos a cidadanía en xeral achega a este colectivo a unha integración social máis eficaz, afastada da ghetificación.

Considérase que este impacto, positivo e visible na vida cotiá das persoas destinatarias é a razón pola cal o proxecto continúa a se desenvolver e medrar, pois as necesidades e realidades sobre as que se fundamenta, son inherentes ao ser

## **RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DO PROXECTO**

Recursos humanos: A Coordinación, O/a Monitor/a e o Voluntariado.

Recursos materiais: Local da Asociación con aula dotada con pizarra e mobiliario necesarios

Material funxible non inventariable,

Material de papelería necesario para o desenvolvemento da actividade,

Medios audiovisuais: monitor de tv, equipo de son, equipo reprodutor de dvd...

Material informático e conexión a internet

## **AVALIACIÓN DOS RESULTADOS**

1. Valoración da evolución individual de cada participante. A través dun seguimento personalizado reflectido en fichas onde se fagan constar o punto de partida, obxectivos de mellora e valoración do desenvolvemento ó longo do tempo nas actividades ás que asista.

2. Reinserción efectiva no sistema educativo formal acorde ás necesidades de cada quen, con superación dos obxectivos establecidos con cada persoa participante. Valórase esforzo, motivación e nivel de participación, así como a superación das diferentes probas dentro do sistema formal cara a obtención de títulos académicos de ser o caso.

3. Organización de eventos culturais propios da entidade e participación na organización doutros dirixidas por entidades culturais e deportivas da cidade.

4. O número de asistentes da cidadanía xeral nos diferentes eventos realizados participando coas persoas usuarias da entidade como modo de inclusión efectiva.

## **VISIBILIDADE AO PROXECTO E COMO SE VAI DIFUNDIR**

- Divulgación das actividades a través de publicacións informativas na páxina web e as redes sociais

- Colocación de carteis informativos no lugar de desenvolvemento das actividades

- Coordinación dos eventos cos centros socioculturais dos barrios e institucións académicas implicadas en cada actividade

- A través de información sobre as actividades a persoas participantes potenciais

## **DATAS**

. O proxecto preséntase con carácter anual. de xaneiro a decembro de 2023.

## **ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER NO PROXECTO:**

### **1. NOME DA ACTIVIDADE: GRUPO DE APOIO AO ESTUDO.**

#### **DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER:.**

Clases de apoio para o estudo. Trátase de ofrecer un lugar de estudo e acompañamento para as persoas que elixan facer algún tipo de estudo. Faise un traballo individualizado con cada persoa usuaria na que se establece un roteiro de traballo a seguir. Os apoios que se están cubrindo van dende acompañamento na consecución de titulacións académicas de tódolos niveis, como preparación de probas para varios ámbitos da administración pública.

Paralelamente tamén se fai un traballo de acompañamento a todos aqueles trámites administrativos necesarios dentro do proceso no que se vexa incluída cada persoa usuaria.

Esta actividade tamén incluírá:

- Curso de técnicas de estudo.
- Atención educativa individualizada nas distintas materias e áreas de coñecemento

#### **OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.**

Retomar e ofrecer apoio á formación académica en persoas que tiveron que interrompela no momento da aparición da enfermidade.

Preténdese que neste proceso a persoa se vexa acompañada, brindar un lugar a onde se poida acudir ante calquera dúbida ou situación relacionada co estudo.

Tentase reducir a taxa de abandonos e procúrase dar motivación para manter unha continuidade.

Co fin último de dotar ás persoas de recursos propios para evolucionar na consecución de diversas titulacións que melloran a súa empregabilidade e o seu autoconcepto.

**PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.**

Persoas afectadas cun diagnóstico de trastorno mental severo, discapacidade intelectual e trastorno do espectro autista de idades comprendidas entre 18 e 65 anos.

Número de persoas participantes: 15

**LUGAR DE REALIZACIÓN**

-Local da Asociación Itínera na rúa República Arxentina nº 22, 5ºesquerda.

**ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN**

-Contacto de persoas voluntarias coa persoa coordinadora para organización da actividade

-Organización de tempo de estudo grupal e individual

-Acompañamento á formalización de matrículas e solicitude de becas.

-Clases grupais de materias comúns

-Clases individuais presenciais e on-line, para solución de dúbidas e resolución de tarefas

-Avaliacións periódicas

-Seguimento e coordinación co profesorado dos institutos correspondentes

-Clases grupais de materias comúns

-Clases individuais para solución de dúbidas e resolución de tarefas

**RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.**

**-RECURSOS HUMANOS:**

-Coordinador supervisando a organización dos estudos

-Monitora

-Voluntariado acompañando o estudo e resolvendo dúbidas a nivel personalizado

### **RECURSOS MATERIAIS:**

- Aula dotada de pizarra, ordenadores e medios de reprodución audiovisual
- Espazos privados para o estudo.
- Material funxible non inventariable

### **DATAS (indicar meses no que comeza e termina a actividade)**

De xaneiro a xuño e de setembro a outubro de 2023.

---

## **2. NOME DA ACTIVIDADE: “ESCOLA DE IDIOMAS”**

### **DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.**

Impartición de clases de inglés e francés en niveis iniciación e medio.

As clases teñen unha duración de 60 minutos, establecéndose dúas quendas: unha para as persoas con nivel de iniciación e outro dirixido ás persoas cun nivel medio, e realízanse cunha frecuencia de dous días á semana. Os grupos serán reducidos (de 5 ou 6 persoas), procurando favorecer unha formación adaptada e individualizada ás características e necesidades das persoas participantes as cales acoden, ou ben para mellorar competencias idiomáticas que xa tiñan, ou ben como interese persoal en aprender outro idioma. En cada sesión, empregaranse metodoloxías e técnicas participativas (dinámicas, vídeos...), buscando facilitar a adquisición de competencias lingüísticas orais e gramaticais dun xeito vivencial e práctico. Así mesmo, ofrécese un apoio máis individualizado a aquelas persoas que o soliciten, co fin de resolver dúbidas ou ofrecer recursos máis personalizados

### **OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.**

Mellorar e complementar as competencias lingüísticas das persoas participantes

### **PERSOAS DESTINARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.**

- Persoas cun diagnóstico de trastorno mental severo, discapacidade intelectual e trastorno do espectro autista de idades comprendidas entre 18 e 65 anos
- Número de persoas participantes: 30

## **LUGAR DE REALIZACIÓN**

- Local da Asociación Itinera (R/ da República Arxentina, 22, 5ºE)
- Centro Sociocultural Aurelio Aguirre (Rúa do Campo de Conxo, 15)

## **ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN**

- Contacto das persoas voluntarias coa persoa coordinadora para a organización da actividade
- Clases grupais por niveis

## **RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.**

### **-RECURSOS HUMANOS:**

- Coordinador supervisando a organización dos estudos
- Persoa monitora que desenvolve a actividade
- Voluntariado acompañando o estudo e resolvendo dúbidas a nivel personalizado

### **-RECURSOS MATERIAIS:**

- Aula con pizarra, material audiovisuais, material de papelería (folios, bolígrafos...).

## **DATAS (indicar meses no que comeza e termina a actividade)**

A actividade iniciase no mes de xaneiro e desenvólvese ata o mes de xuño. Nos meses de xullo e agosto realízase un período de paro estival retomándose a actividade no mes de setembro. A actividade finaliza no mes de decembro de 2023

---

## **3. NOME DA ACTIVIDADE: “INICIO Á INFORMÁTICA”**

### **DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.**

A actividade divídese en tres grupos, segundo o nivel das persoas participantes: básico, medio e avanzado. Os grupos serán reducidos (de 5 ou 6 persoas), procurando favorecer unha formación individualizada, adaptada ás características e necesidades das persoas participantes as cales acoden, ou ben para mellorar competencias informáticas que xa tiñan, ou ben para iniciarse neste eido. As sesións serán de carácter teórico-práctico, e entre os contidos estarán o uso de programas de ofimática básica, o

uso de aplicacións de uso cotián e o uso seguro de internet e redes sociais. As clases teñen unha frecuencia de dous días á semana, e cada sesión ten unha duración de 60 minutos.

#### **OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.**

-Introducir ás persoas participantes no uso das TIC, e, concretamente, na adquisición de habilidades e competencias relacionadas coa informática, a ofimática e a navegación en internet

#### **PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.**

-Persoas cun diagnóstico de trastorno mental severo, discapacidade intelectual e trastorno do espectro autista de idades comprendidas entre 18 e 65 anos

- Número de persoas participantes: 30

#### **LUGAR DE REALIZACIÓN**

- Local da Asociación Itínera (R/ da República Arxentina, 22, 5ºE)

- Centro Sociocultural Aurelio Aguirre (Rúa do Campo de Conxo, 15)

#### **ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN.**

- Contacto de persoas voluntarias coa persoa coordinadora para organización da actividade.

-Clases grupais: Ensinanza de programas de uso común como o paquete office e uso responsable das redes sociais

-Clases individuais: Programas específicos dalgún ciclo de estudos e/ou apoio en tarefas e traballos de clase que necesiten ser realizados co ordenador.

#### **RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.**

##### **RECURSOS HUMANOS:**

- Coordinador supervisando o desenvolvemento da actividade

- Monitora

- Voluntariado

##### **RECURSOS MATERIAIS:**

- Aula de informática do CSC Aurelio Aguirre (equipada con ordenadores de mesa e acceso a internet)
- Ordenadores portátiles e acceso a internet e soportes dixitais como usb e tarxetas de memoria

**DATAS (indicar meses no que comeza e termina a actividade)**

De xaneiro a decembro de 2023.

---

**4. NOME DA ACTIVIDADE: “DESENVOLVEMENTO CULTURAL”**

**DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.**

Creación de grupos de traballo cultural no que as persoas asistentes poden achegarse, coñecer e ampliar os seus coñecementos e experiencias dentro do ámbito que se trate.

-Debate: consiste no establecemento de grupos de traballo nos cales as persoas participantes recompilan información sobre temas concretos e realizan un debate posterior sobre os mesmos. Cada sesión ten unha duración aproximada de 120 minutos, e unha frecuencia de unha sesión semanal.

-Clube de lectura e taller de escrita creativa: as persoas participantes len cada dúas semanas un libro e comparten impresións sobre o mesmo. Posteriormente, realizan un texto creativo sobre un tema concreto. Cada sesión ten sobre 120 minutos e unha frecuencia de unha sesión semanal.

-Iniciación ao cinema: en cada sesión realízase a presentación dun filme e o seu visionado. Ao remate da película, iníciase un cinefórum no que as persoas dan a súa opinión sobre o mesmo. Cada sesión dura arredor de 120 minutos e unha frecuencia de unha sesión semanal

**OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.**

Ofrecer actividades que favorezan o achegamento das persoas usuarias aos diversos eidos culturais.

**PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.**

Persoas afectadas cun diagnóstico de Trastorno mental severo, discapacidade intelectual e trastorno do espectro autista de idades comprendidas entre 18 e 65 anos

Número de participantes:

- Clube de lectura: 15
- Clube de debate: 25
- Iniciación ao cine: 30

**LUGAR DE REALIZACIÓN**

- Local da Asociación Itinera (R/ da República Arxentina, 22, 5ºE)
- Casa das Asociacións de Cornes (R/ Manuel Beiras, 3, 2º andar)
- Centro de A Portela (Lugar A Portela, Figueiras s/n)

**ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN.**

Creación de clubs culturais sobre diversos eidos que favorezan o acceso das persoas con TMS á cultura.

Estes grupos de posta en común deben de estar conformados por persoas afectadas e persoas voluntarias en igualdade de condicións sen asumir ninguén a condición de monitorización, para que nesta equidade, se evite o máximo posible o estigma e a conformación de “ghettos” e se traballe na idea de traballo en grupo e a creación cultural na prol da igualdade.

**RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.**

**RECURSOS HUMANOS:**

- Coordinador supervisando o desenvolvemento da actividade
- Voluntariado

**RECURSOS MATERIAIS:**

- Aula con mesas e cadeiras

- Medios de reprodución audiovisual, ordenadores con acceso a internet.
- Libros, películas, cadernos e bolígrafos

**DATAS (indicar meses no que comeza e termina a actividade)**

De xaneiro a xuño e de setembro a decembro de 2023.

---

**TERCEIRA. CONTÍA DA AXUDA E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

Para a colaboración na realización das actividades obxecto deste convenio, o Concello de Santiago de Compostela con cargo ao seu Orzamento Xeral para o ano 2022, (orzamento prorrogado para o ano 2023) achegará á **ASOCIACIÓN ITINERA** a cantidade de **CINCO MIL EUROS (5.000,00 €)**, segundo o previsto nos artigos 31, 32, 33 e no Anexo ao Estado de Gastos dos Capítulos IV e VII das Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2023, (orzamento prorrogado para o ano 2023) e con cargo á aplicación orzamentaria **020 23100 4800002/2023**. En relación co art. 32 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LGS (en diante, RLGS), enténdese que o orzamento do Concello estableceu a achega municipal como un importe certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, será a cargo do beneficiario a diferenza de financiamento que resulte necesaria para total execución da actividade subvencionada. A actuación do Concello de Santiago quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas.

**CUARTA. GASTOS SUBVENCIONABLES.**

Considéranse gastos subvencionables, para os efectos previstos neste convenio, aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade/programa subvencionado, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido nas bases reguladoras desta subvención. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado polo presente convenio.

**A.1) GASTOS DE PERSOAL** Poderán imputarse, os gastos derivados da contratación de servizos persoais xa sexa de forma fixa ou temporal: salarios ou nóminas, IRPF e seguros sociais. En función da modalidade de prestación dos servizos ou actividades, diferéncianse os seguintes:

**A.1.1- Contrato laboral:** deberá presentarse o correspondente contrato de traballo, de acordo coa normativa pola que se rexa, no que se deberán especificar as circunstancias previstas na normativa de aplicación:

- Tarefas a desempeñar
- Modalidade de contratación
- Categoría profesional
- Salario

Imputando o bruto da nómina:

- Nómina que terá como imputación o total devengado a percibir polas persoas contratadas. Deberá achegar o recibo de transferencia bancaria.
- **Seguros sociais:** son os que proporcionalmente correspondan á empresa polo tempo realmente dedicado á execución do proxecto de que se trate. Deberá presentar os TCS correspondentes ao mes no que o/o traballador/para dedica ao proxecto: recibo de liquidación de cotizacións (antigo TC1) e TC2, detallando a cantidade para imputar correspondente á empresa e o seu xustificante de pago. A parte correspondente ao traballador xa se imputou na nómina, xa que este concepto forma parte do total devengado.
- **IRPF:** Deberá así mesmo presentar o impreso 111 do IRPF correspondente, para a súa comprobación, e o seu xustificante de pago. Non se imputa contía xa está incluída na nómina, este concepto forma parte do total devengado.

NON terán a consideración de gastos subvencionable os orixinados por:

- As persoas membros das xuntas directivas ou consellos de dirección das entidades polo desempeño do seu cargo, salvo as excepcións contempladas na Lei de Asociacións.
- As penalizacións ou compensacións por incumprimentos de contrato, achacables á entidade beneficiaria da subvención, entre os que se inclúen os gastos por despedimentos.
- As recargas por falta de pagamento ou atrasos en impostos retidos ou seguridade social.
- Os gastos imputados no proxecto, por contratación ou prestación de servizos, realizados por persoas membros das Xuntas Directivas ou Consellos de Dirección das entidades. .En ningún caso aceptaranse facturas por prestación de servizos ou recibidos por impartición de xornadas formativas, de cargos directivos, Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro ou Vogais da Xunta Directiva, emitidos á asociación con cargo á subvención. Só se admitirán como xustificables ou elegibles, relacións laborais por prestación de servizos en réxime de asalariado (traballador social, psicólogo,...) a condición de que, os cargos directivos non estean remunerados por exercer o devandito cargo e conste de forma expresa nos seus estatutos ou acordo da Xunta Directiva e no proxecto onde se solicita a subvención.

**A.2)** Os honorarios de profesionais que realicen funcións de execución directa do proxecto, tales como identificación de accións, seguimento de actuacións, execución de actividades ou avaliación.

a) O persoal non vinculado coa entidade poderá impartir talleres, conferencias e docencia, sempre que cumpra co requisito de impartición esporádica.

Deberá presentar:

- Factura no que conste o concepto detallado da actividade formativa, taller....realizada, coas correspondentes retencións IRPF, e xustificante de pago.
- Fotocopia do DNI.

- Modelo 111 de ingreso de retención de IRPF, especificado como rendimento do traballo ou Resumo anual, modelo 190 de ingreso por retención de IRPF, coa relación anual de perceptores e xustificante de pago.
- Declaración Responsable na que se faga constar os requisitos mencionados (impartición esporádica e non superar o salario mínimo profesional anual).

En ningún caso aceptaranse facturas por prestación de servizos ou recibidas por impartición de xornadas formativas, de cargos directivos, Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro ou Vogais da Xunta Directiva, emitidos á asociación con cargo á subvención.

**A.3) Alugueiro de inmobles.** Establécese un límite máximo de imputación, que por defecto, non poderá superar, en ningún caso, o 25% do importe da subvención, aínda que esta limitación non será aplicable aos gastos correspondentes ao arrendamento de pisos destinados á acollida de persoas vulnerables.

Será considerado custo directo soamente se o espazo é utilizado para a execución directa das actividades do proxecto.

Tipo de alugueiros:

- Alugueiro de oficina ou local para realización de actividade.
- Alugueiros necesarios para o desenvolvemento da actividade (equipos de son, instalacións deportivas e culturais, mesas, cadeiras....).

Deberá presentar factura correspondente e xustificante de pago. No caso de alugueiros de oficinas ou locais dita factura incluírá o importe do alugueiro, o IVE e:

- A retención de IRPF cando quen arrenda sexa persoa física e, ademais, a persoa arrendataria estea incluído nalgún dos supostos do artigo 76 do Regulamento do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF). En resumo, teñen a obrigaón de reter os/as arrendatarios/ as que sexan persoas xurídicas.
- As retencións do Imposto de Sociedades. Nos casos en que quen arrenda estea sometido ao Imposto de Sociedades, a persoa inquilina practicará retención con cargo ao Imposto de Sociedades.

Para o caso de alugueiro de local habitual é necesaria a presentación do contrato de arrendamento, así como os impresos 115 e 180 de retencións fiscais para arrendamentos urbanos.

**A.4)** Contratación de seguros “ad hoc”, esixidos como condición para a cobertura ordinaria de persoas e bens afectados polo proxecto ou actividade subvencionada.

Neste concepto inclúese o importe das pólizas ou primas por responsabilidade civil e risco de accidentes, que puidesen producirse como consecuencia da realización das actividades subvencionada, (asistencia ás accións formativas, visitas didácticas, eventos...)

É necesario presentar a póliza, a relación das persoas aseguradas e a factura co seu xustificante de pago.

**A.5).- MANTEMENTO E CONSERVACIÓN.-**Son os gastos relacionados con reparacións de equipos de oficina e os elementos do inmovilizado, para emendar un menoscabo producido por causas fortuítas ou accidentais e polo seu uso, sempre que non afecten á súa estrutura e estean relacionados directamente coas actividades subvencionadas. Tamén se incluírán os gastos relacionados coa limpeza de local ou similares. Deberá presentar factura detallada e xustificante segundo a forma de pago realizada.

**A.6.- MATERIAL FUNXIBLE.-**Son aqueles que se esgotan coa conclusión do mesmo. Inclúense nesta partida todos aqueles gastos correspondentes a consumibles informáticos, material de oficina, material de formación... Deberá presentar factura detallada e xustificante de pago segundo a forma de pago realizada.

**A.7.- SUBMINISTRACIÓNS.-**Gastos de subministracións relacionadas co proxecto, non inventariables: auga, luz, gas, teléfono, internet e similares.

Normalmente están compartidos con outros proxectos ou coas tarefas propias do funcionamento da entidade. Se se imputan ao proxecto gastos deste tipo deberase contemplar na xustificación os criterios seguidos para a súa imputación, en base a que criterios ou variables repártense os gastos e o cálculo das porcentaxes imputadas. Á marxe dos criterios de imputación que elixa a entidade para a imputación destes gastos, debe sempre terse en conta o seguinte:

- Non serán subvencionables os consumos ou gastos que tivesen lugar forá do período de realización do proxecto, por tanto, terase en conta o período facturado que apareza na factura.
- Os gastos deben corresponder a consumos realizados nos locais onde se desenvolve o proxecto ou consumos relacionados dalgún modo con el.

Deberá presentar factura xunto co seu xustificante de pago.

**B.- Gastos non subvencionables:**

- a) Os gastos financeiros, licenzas e tributos.
- b) Sen prexuízo diso, o IVE/IVE considerarase gasto subvencionable, coa condición que se indica no parágrafo seguinte.
- c) En ningún caso considéranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- d) Por tanto, deberase presentar certificación negativa da Axencia Tributaria na que conste que a entidade non está dada de alta no Imposto sobre o Valor Engadido ou que non presentou declaración do Resumo Anual do Imposto sobre o Valor Engadido do/os exercicio/ s correspondente/ s, ou no seu caso modelo oficial de Resumo anual no que non figuren operacións, de acordo ao establecido no Real Decreto 1624/1992, do 29 de decembro.
- e) Os gastos de investimento.
- f) As gratificacións que, no seu caso, perciban os voluntarios sociais da institución.
- g) Os gastos de desprazamento, dietas e manutención do persoal vinculado ao proxecto, incluídos os voluntarios e os membros dos órganos de goberno da entidade.
- h) Os intereses, recargas de amora e sancións que sexan impostas á entidade.
- i) Os gastos que se orixinen como consecuencia da simple participación dos membros da entidade nos órganos de goberno e dirección.

- j) Os gastos derivados das accións que teñan como obxectivo promocionar á institución en si mesma .
- k) Os gastos de asesoría xurídica ou financeira e os gastos notariais e rexistrais.
- l) Gastos de restauración, cátering, degustacións culinarias e similares. Excepto os gastos para a compra de ingredientes culinarios e bebidas non alcohólicas, así como os que queden plasmados no orzamento de forma expresa e motivada, sempre que estean relacionados directamente co obxecto do proxecto e as actividades programadas.
- m) Gastos de investimento: son os destinados á creación de infraestruturas e á creación ou adquisición de bens de natureza inventariable e aquel outros gastos que teñan carácter de amortizables (compra de computadores, impresoras, mesas, cadeiras, cámaras fotográficas, reprodutores de DVD, adquisición de dominios da internet....).
- n) Gastos destinados a investimentos para construción de instalacións e equipamento.
- o) Pólizas de seguros de vehículos, propiedade da entidade.
- p) Aqueles gastos, que non estando expresamente excluídos, non estean incluídos na formulación do proxecto presentado.
- q) O IVE da factura non será subvencionable se é susceptible de desgravación por parte da empresa, debendo presentar Declaración Responsable respecto diso.

#### **QUINTA. FORMA DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN**

Con respecto á forma de pagamento, estarase o disposto nas anteditas Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2022. (*Bases de execución con vixencia prorrogada para o exercicio 2023*). Igualmente serán de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O pagamento realizarase previa xustificación dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que é concedida a axuda, así como, da aplicación dos fondos destinados para o efecto.

Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actividade subvencionada.

Procederá a minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento executado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada.

A xustificación do cumprimento das finalidades que motivan a sinatura do convenio farase achegando como **data límite o 30 de setembro de 2023**, a seguinte documentación:

1.Orzamento desagregado onde consten os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención que forma parte do convenio á data da súa sinatura

2.Unha Memoria de actuación das actividades realizadas no proxecto xustificativa do cumprimento das obrigas contraídas, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos Deberase xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflecta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.

3.**Declaración responsable** asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de ter cumprido o obxecto do convenio .

4.**Relación detallada do conxunto de todas as subvencións ou axudas solicitadas, concedidas ou percibidas** doutros axentes para mesma finalidade, que se acreditará mediante Declaración responsable, asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade No suposto de que as actividades fosen financiadas, ademais de por este convenio, con fondos propios, outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. En ningún caso, a contía da subvención, só ou en concorrencia con

outras subvencións, axudas doutras administracións, entes públicos ou privados, poderá superar a totalidade do custo da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

**5.Relación detallada das facturas (nas que deberá constar concepto, número de factura,** data de expedición, data de pagamento, provedor e ordénante) e nóminas ou documentos xustificativos que se presentan para a xustificación asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade, desagregadas por conceptos consonte o orzamento presentado pola entidade

**6.Unha Memoria Económica xustificativa do custo das actividades** que terá o contido do artigo 72 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en que se reflicta a vinculación detallada de cada gasto executado co proxecto subvencionado. Deberá quedar acreditado que cada gasto que se xustifique é totalmente necesario para a realización do proxecto, e deberá quedar vinculado a unha actividade ou actuación concreta dentro deste.

**7.A XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL DO GASTO** efectuado con cargo o proxecto ou actividade obxecto de subvención comprobarase coa presentación de:

#### **7.1. FACTURAS:**

Facturas orixinais de gasto (correspondentes o período subvencionable) da totalidade da actividade subvencionada, ou os demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación na que se fai referencia no parágrafo anterior xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento. As facturas deberan reunir, en todo caso, os requisitos previstos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, modificado polo Real decreto 828/2013, do 25 de outubro e, no seu caso, coas particularidades previstas no artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o valor engadido, respecto das exencións en operacións interiores.

No caso de que a obrigación de expedir factura poida cumprirse mediante factura simplificada, deberá ter o contido esixido polo artigo 7 do citado Real Decreto.

No ámbito do presente Convenio, esíxese que na factura conste como destinataria a entidade beneficiaria, con expresión do seu Número de Identificación Fiscal.

As facturas ou documentos equivalentes ou substitutivos, presentaranse en orixinal;

A xustificación do pagamento das facturas, ou documentos equivalentes, farase mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria etc.) en que consten os requisitos especificados polo art. 6 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En concreto, deberá conter o número de factura, data de expedición, obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura, número de Identificación Fiscal do que expide a factura e domicilio de ambos. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas das que é obxecto.

- No caso de realizarse o pagamento de forma anticipada, deberá figurar na factura a expresión “pagamento anticipado” ou outra análoga. Ademais, de acordo co art. 6 apartado i) do Regulamento de Facturación, deberá expresarse a data na que se recibiu o pagamento anticipado por parte do provedor, sempre que se trate dunha data distinta á da expedición da factura.

- Se presentan facturas pagadas en efectivo, deberá constar na mesma o selo da empresa, con indicación de “recibín ou pagado” e a sinatura e data de pagamento, así como unha declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade, de que asmesmas foron pagadas integramente con cargo ós fondos da entidade beneficiaria. En todo caso o importe máximo como xustificante de gasto, admitido mediante esta modalidade de pagamento para os efectos de xustificación da presente subvención establececese en 600 € (seiscientos euros) por factura (Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude). Non se admitirá en ningún caso o fraccionamento de determinados gastos para os efectos de respectar o límite establecido neste parágrafo.

7.2. Para o caso de imputarse a subvención **GASTOS DE PERSOAL** deberán achegarse:

a) Copias dos contratos dos/as traballadores/as destinados especificamente a actividade ou programa obxecto de subvención; de non coincidir a categoría especificada no contrato de traballo coas labores asignadas ó proxecto ou actividade subvencionada, dito extremo acreditarase ademais co currículo do/a traballador/r e mais a documentación acreditativa da formación que habilite o desempeño de dita función.

b) Certificado que acredite as horas de traballo adicadas por cada persoa traballadora ao proxecto asinado polo representante da entidade e polo traballador ou traballadora afecto/a.

c) Nóminas de ditos/as traballadores/as e xustificante do seu pagamento mediante transferencia bancaria selada pola entidade bancaria intermediaria no pago que deberá indicar: data de pagamento, nome da persoa que recibiu o pagamento, o mes o que corresponde dito pagamento así como o concepto (data da nómina ao que se refire o pagamento) e ordenante do pagamento.

d) Seguros sociais e xustificante bancario do seu pagamento, selada pola entidade bancaria intermediaria, por parte da entidade beneficiaria.

e) Retención á conta do imposto do IRPF e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria.

f) Os custos de persoal deberán acreditarse mediante Certificado de empresa no que se acrediten os custes de seguridade social e de empresa asinado pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade. E, en todo caso deberá acreditarse mediante Declaración responsable do representante legal da entidade beneficiaria, que dito persoal está destinado a desenvolver o programa ou actividade subvencionada

g) Se con cargo á subvención páganse seguros sociais e retencións de IRPF, só poderán imputarse as cantidades correspondentes aos meses e traballadores cuxas nóminas se imputen.

Non serán imputables á subvención os importes correspondentes ás retencións de IRPF nin os seguros sociais nos casos en que a entidade teña concedido o aprazamento ou

fraccionamento de débedas correspondentes ás mesmas, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria.

No caso de que as facturas, nóminas, TC e os modelos 111 emitíranse electronicamente, a entidade deberá presentar, ademais, a declaración responsable

**7.3. A xustificación do PAGAMENTO dos gastos** de imputados a subvención, realizarase por algunha das seguintes FORMAS:

a) Preferentemente mediante transferencia bancaria: xustificarase mediante copia do resguardo do cargo da mesma. E conterà, en todo o caso, a data da transferencia, importe, concepto, número de factura, ordénante e provedor/a.

b) Cheque: ademais da copia do cheque firmado, xustificarase mediante copia de Certificado Bancario que deberá indicar data do cargo en conta, número, destinatario e a entidade emisora.

c) Efectivo: So se admitirá o pagamento en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministros adquiridos en establecementos públicos, como gasolineiras, supermercados, etc.), non podendo superar en ningún caso a contía de seiscentos euros. En todo caso acreditarase a xustificación do pagamento mediante un recibín do/da provedor/a, ben por medio dun documento separado ou mediante dilixencia no xustificante de gasto, en ambos os dous casos coa sinatura e NIF do/a provedor/a, a identificación do cliente e a data de pagamento.

d) Para o caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito/débito, deberá achegarse, ademais, a acreditación da súa titularidade, dita tarxeta deberá estar asociada á conta da entidade.

e) No caso de achegar xustificantes de pagamento bancarios no que conste a transferencia feita a cargo dun número de conta onde non se poida verificar a titularidade a cargo da entidade beneficiaria, entenderase por non xustificado, agás que se aporte por parte da entidade beneficiaria xunto con dita transferencia certificado bancario da titularidade da referida conta.

8. Certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (da Axencia Tributaria e da Dirección Xeral de Tributos da CCAA, e da Tesourería do Concello de Santiago) e Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

9. Achegar o nº de identificación fiscal e nº de conta bancaria na que facer o ingreso.

10. Xustificación por parte da entidade beneficiaria de ter dado a adecuada publicidade do carácter público do financiamento dos programas e actividades obxecto do presente convenio, de xeito que se inclúa, en todo o material de divulgación das actividades obxecto desta axuda, a referencia de que están subvencionadas pola Concellería de Dereitos e Servizos Sociais mediante a inclusión da imaxe corporativa do Concello de Santiago. As entidades beneficiarias deberán acreditar na xustificación, mediante unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarse a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social para o cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada de conformidade co estipulado na cláusula oitava do presente convenio, polo que a tal efecto deberan presentar Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de ter cumprido con este requisito e, achegar os soportes documentais a que fai referencia a referida cláusula.

Se, para realizar o obxecto do presente convenio a entidade beneficiaria obtivese subvencións doutras entidades públicas ou privadas que, en concorrencia coa concedida superara o total do custo da actividade, minorarase a achega do Concello de Santiago, e procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como o interese de demora correspondente.

En todo caso, a **data límite para a presentación dos xustificantes non poderá exceder do 30 de setembro de 2023**, para os efectos no disposto no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións , e 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Considerarase gasto realizado o efectivamente pagado antes do remate do período de xustificación.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non estea ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Asemade porá a disposición do Concello de Santiago de Compostela cantos datos lle sexan requiridos respecto do desenvolvemento do devandito programa.

En todo caso, as achegas correspondentes a vixencia deste convenio, quedan supeditadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente, dando cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de eficiencia e utilización dos recursos públicos.

No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

O Concello resérvase o dereito a comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, a beneficiaria quedará obrigada a facilitar canta información requíralle o servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes para a censura de contas.

## **SEXTA. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN**

As entidades ateranse ás especificacións do establecido no presente convenio para a elaboración e presentación dos soportes documentais xustificativos da subvención, empregando obrigatoriamente os ANEXOS habilitados ao efecto, dispoñibles na sede electrónica municipal. Estes formularios non conterán ningunha epígrafe manuscrita, agás a/s sinatura/s, de ser o caso, e presentaranse no seu formato orixinal e sen emendas nin riscadas, dando lugar a inobservancia destes aspectos á inadmisión da documentación. Así mesmo, deben ter en conta que toda a documentación se debe achegar en papel tamaño DIN A4, sen espirais, carpetas clasificadoras, archivadores,

encadernacións ou calquera outro engadido ao papel que dificulte ou impida os procesos de tratamento, arquivo e dixitalización da documentación e supoña un gasto evitable e superfluo para as Entidades; a presentación óptima realizarase coa documentación numerada e fixada mediante elementos metálicos tipo grampas ou de suxeición similares. Cómpre ter tamén en conta que o engadido de portadas á primeira folla dos modelos normalizados dificulta o proceso nos rexistros oficiais e a alta dos expedientes administrativos, polo que se deberá omitir esta práctica procurando que o selo do rexistro de entrada figure no documento da entidade beneficiaria de presentación da documentación preceptiva.

Así mesmo, co obxecto de verificar os datos contidos nos soportes documentais aportados será necesario que a Entidade axunte vía telemática a documentación aportada, os efectos de xustificación de gastos realizados e imputados o convenio, para facilitar a comprobación dos gastos imputados a subvención a través da remisión de todos os ANEXOS que se en formato de texto editable (.doc, ou .docx), debidamente cumprimentados, a través do seguinte correo electrónico ([conveniospsociais@santiagodecompostela.gal](mailto:conveniospsociais@santiagodecompostela.gal)) - Concellería Dereitos e Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela, coa data límite establecida para a presentación no Rexistro Xeral do Concello isto e, **30 de setembro de 2023**.

## **SETIMA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA**

De conformidade coas Bases de Execución do orzamento xeral para o ano 2022, (*orzamentos con vixencia prorrogada para o exercicio 2023*) son obrigas das entidades beneficiarias as establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e as explicitadas no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e as explicitadas no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as establecidas nas bases reguladoras das subvencións aprobadas polo Concello ou, no seu caso, polo disposto para o efecto no convenio e, en todo caso:

- a) Cumprir o obxecto do convenio, realizando as actividades que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o Concello de Santiago de Compostela, o cumprimento dos requisitos e condicións; así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión.
- c) Remitir todos os ANEXOS en formato de texto editable (.doc, ou .docx), debidamente cumprimentados vía telemática a Concellería da Area de Políticas Sociais e Saúde os efectos de xustificación de gastos realizados e imputados o convenio, para facilitar a comprobación dos gastos imputados a subvención de conformidade co estipulado na cláusula sexta do presente convenio.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Santiago de Compostela, así coma calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicarlle o Concello de Santiago de Compostela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas por este convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza pola entidade beneficiaria e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Acreditar con anterioridade, á proposta de resolución de concesión que se encontra, o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- g) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así coma cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos para garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das facultades de comprobación e control.

i) A entidade beneficiaria deberá dar a adecuada publicidade do carácter público da financiamento dos programas e actividades obxecto do presente convenio. A tal efecto a entidade beneficiaria deberá difundir as actividades a través da internet (páxinas web e/ou redes sociais), ou publicamente e coa adecuada antelación, de xeito que poidan ser coñecidas por todas as persoas potencialmente beneficiarias destas. Para tal efecto na publicidade das actividades farase constar de maneira expresa a colaboración do Concello de Santiago tal e como se dispón na cláusula oitava do presente convenio.

j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos de acordo co disposto no artigo 40.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e, en todo caso, nos supostos contemplados no artigo 37 da devandita Lei, en relación cos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

k) Perder o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, de conformidade co artigo 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e co artigo 61 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

l) Dado que a subscripción do presente convenio non implica en ningún caso relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas, voluntarias, becarias ou profesionais que desenvolvan as accións obxecto do mesmo, e o Concello de Santiago de Compostela, a entidade beneficiaria comprométese a manter indemne diante de calquera reclamación, sen poder esixírselle en ningún caso ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

## **OITAVA. PUBLICIDADE E INFORMACIÓN**

As entidades beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 18.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 31 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como do artigo 15.3º da Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto ou actividade subvencionada, o financiamento do/s programa/s ou actividade/s obxecto do presente convenio, con fondos do Excmo. Concello de Santiago a través da Concellería de Dereitos e Servizos Sociais e. Para isto, no lugar onde se realicen as actuacións a que se refire a actividade ou programa obxecto desta subvención, deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo en que apareza a imaxe corporativa do Concello de Santiago coa lenda de obrigada inclusión de que dito programa ou actividade esta financiada polo mesmo, en aplicación do disposto na normativa. Cando o proxecto teña publicidade nun sitio da internet deberán figurar na súa páxina de inicio e en lugar visible as citadas referencias; cando se materialice nunha aplicación informática deberán facerse as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación (axuda, acerca de ou similares). Cando o proxecto dea lugar a documentación (manuais, cadernos, enquisas, folletos, notas informativas, CD-Rom) deberán constar na dita documentación as citadas referencias, que se colocarán na contraportada no caso das publicacións. En todo caso deberá realizarse por parte da Entidade beneficiaria reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflecta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados os efectos da xustificación do cumprimento deste requisito.

Asemade, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa modifica o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e establece que a partir do 1 de xaneiro de 2016 serán de aplicación as disposicións que en materia de publicidade se recollen no apartado 20.8 e as correlativas dos artigos 17.3.b), 18 e 23.2, sinalándose no apartado 20.8 que convocar unha subvención sen seguir o procedemento indicado na propia lei será causa de anulabilidade da convocatoria.

Correlativamente, a Resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de

convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (BOE N° 299, de 15 de decembro de 2015), no seu apartado Terceiro.1 sinala que as bases reguladoras aprobaranse e publicaranse de acordo co réxime que en cada Administración teña establecido para a eficacia das disposicións administrativas, rexendo con carácter xeral o réxime aplicable recollido no artigo 37 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Na mesma resolución, no seu apartado Cuarto, régúlase o fornecemento de información da convocatoria á BDNS:

1. A información será fornecida polos órganos xestores. Dentro de cada órgano deberán establecerse os mecanismos que garantan que a convocatoria e o extracto que se fornecen á BDNS foron aprobados nos mesmos termos pola autoridade competente.

2. O órgano xestor fornecerá á BDNS en todo caso:

a) O texto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.

b) O texto do extracto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.

c) Os datos estruturados da convocatoria, na lingua española oficial do Estado. Entre eles figurará o diario oficial no que deba publicarse o extracto.

Ademais, poderá incluír:

d) Os mesmos textos da convocatoria e do extracto nunha segunda lingua oficial.

e) Outros documentos, como formularios de solicitude, instrucións de cumprimento, documentos de axuda e información, etc., que contribúan aos fins de publicidade e transparencia facilitando o seu acceso aos posibles interesados.

## **NOVENA. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS, E TRANSPARENCIA**

1. **A ASOCIACIÓN ITINERA DE VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL** é a responsable única e directa dos tratamentos de datos de carácter persoal aos que puidera dar lugar a execución deste convenio e está obrigada ao cumprimento das prescricións do

Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de Abril de 2016 así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, así como do resto de disposicións normativas que en materia de protección de datos se atopen en vigor á sinatura do convenio ou que poidan estar durante a súa vixencia.

2. Darase cumprimento tamén ás obrigas previstas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e demais normativa de aplicación, en particular ás obrigas de publicidade activa.

#### **DÉCIMA. AVALIACIÓN E INTERPRETACIÓN**

Para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio créase unha comisión mixta, que estará integrada polas persoas que sexan designadas para o efecto por parte das dúas institucións (persoal técnico da Concellaría de Dereitos e Servizos Sociais da Entidade). Esta comisión velará polo cumprimento dos obxectivos fixados.

O Concello de Santiago de Compostela resérvase o dereito de orientar tecnicamente o proxecto de actividades e de comprobar a súa execución cando o considere conveniente, así como de divulgar e de dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

#### **DECIMOPRIMEIRA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

Son causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de demora percibidos, dende o momento do seu pagamento, as seguintes:

1. Incumprimento de calquera das cláusula establecida no presente convenio.
2. A aplicación total ou parcial dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

4.Os demais supostos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación cos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## **DECIMOSEGUNDA. INCUMPRIMENTO, REINTEGROS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento das obrigas contidas neste convenio, nas Bases de Execución Orzamentaria do Concello de Santiago para o ano 2022, (*orzamentos con vixencia prorrogada para o exercicio 2023*) ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

## **DECIMOTERCEIRA.- RESPONSABILIDADE**

A organización e materialización das accións obxecto desta subvención será responsabilidade exclusiva da entidade beneficiaria.

A actuación do Concello de Santiago quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas.

## **DECIMOCUARTA. VIXENCIA DO CONVENIO**

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, se ben a súa vixencia, para os efectos de dar cumprimento os obxectivos nel establecidos, se entenden producidos dende o 1 de xaneiro de 2023 ata ó 30 de setembro de 2023, sen prexuízo de ser subvencionables as accións ata a data límite para a presentación da xustificación indicada nas cláusulas quinta e sexta en relación co art. 32 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LGS (en diante, RLGS), entendendo que o orzamento do Concello estableceu a achega municipal como un

importe certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, será a cargo do beneficiario a diferenza de financiamento que resulte necesaria para total execución da actividade subvencionada.

#### **DECIMOQUINTA. CARÁCTER DO CONVENIO**

Este convenio ten carácter administrativo, de acordo co disposto no artigo 6.1.c da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, vindo o seu réxime xurídico determinado polo polas cláusulas establecidas no convenio, e no non previsto, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento; na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; e na lexislación de Réxime Local aplicable ao caso; e, no que resultase imperativamente aplicable, os artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Malia o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da interpretación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno Local, poñendo os seus acordos fin a vía administrativa. Contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende a notificación da resolución e nos termos previstos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

E, en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este convenio electronicamente, na data da sinatura electrónica.

Dona María Rozas Pérez Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais Concello de Santiago de Compostela.	XXXXXXXXXXXXXX Asociación Itínera de Voluntarios en Saúde Mental

**ANEXO I**

**ORZAMENTO DESAGREGADO ONDE CONSTAN OS CUSTOS ESTIMADOS DOS  
CONCEPTOS DO PROXECTO/ACTIVIDADE OBXECTO DO CONVENIO E PARA OS  
CALES SE SOLICITA A SUBVENCIÓN**

**ACTIVIDADE/PROGRAMA: PROGRAMA "PROGRAMA ÁGORA "**

CONCEPTOS	ORZAMENTO 2023
<b>COORDINACIÓN</b> (IMPUTACIÓN DUN 20% TOTAL DO CUSTE EMPRESARIAL: (SALARIO BRUTO+S.S.) X 6 MESES)	<b>4.100,00 €</b>
<b>ALUGUER LOCAL</b> (IMPUTACIÓN DUN 20% DO CUSTE TOTAL X 6 MESES)	<b>650,00 €</b>
<b>TELEFONÍA E SERVIZO DE INTERNET</b> (IMPUTACIÓN DUN 20% DO CUSTE TOTAL X 6 MESES)	<b>100,00 €</b>
<b>MATERIAL FUNXIBLE NON INVENTARIABLE E SERVIZO DE COPISTERÍA</b>	<b>60,00 €</b>
<b>SUMINISTRO ELECTRICIDADE</b> (IMPUTACIÓN DUN 20% DO CUSTE TOTAL X 6 MESES)	<b>100,00 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>5.010,00 €</b>

Non poderán incluírse gastos por adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado. Non poderán ser subvencionados os gastos correspondentes ás retribucións do persoal que non teñan unha relación laboral coas entidades beneficiarias e desenvolvan o proxecto ou programa subvencionado. Non serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc), nin tampouco dietas do persoal destinado a desenvolver o proxecto. Deberá terse en conta que calquera das actividades desenvolvidas serán de carácter gratuito e non poderán xerarse ingresos a favor das persoas impulsoras do proxecto, en concepto de pagamento de cotas, entradas, etc.

O orzamento e un orzamento estimado da actividade, polo que, como consecuencia da execución da actividade subvencionada poderanse producir desviacións nos conceptos que o integran, podendo ser compensados uns con outros, sempre que do análise do conxunto da documentación xustificativa se deduza o cumprimento do obxecto do convenio, e sempre que estas desviacións non teñan tal entidade que supoñan a alteración das condicións estipuladas neste convenio para a concesión da subvención.

Conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas, así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, no que respecta ao tratamento de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos, incorporaranse a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade de poder atender os compromisos xerados pola relación que mantemos con esta entidade. Así mesmo, informámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade e revocar este consentimento, segundo o previsto na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022 e Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2022. (Bases con vixencia prorrogada para o ano 2023), Acordo do Pleno Municipal de 09/03/2023 sobre a aprobación de subvencións nominativas para o ano 2023, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.